



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2023

En Laxe, sendo as 14:30 horas do día 29 de agosto de 2023, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (UNIDAS PODEMOS)

Non asiste Dona Raquel Lema Allo (PP)

Actúa como secretario-interventor acumulado deste concello, Don Francisco Javier Novoa Juiz.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. DESIGNACIÓN, SE PROCEDE, DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024

Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Vista a comunicación do Servizo de apoio ao emprego, emprendemento e economía social sobre o calendario laboral do ano 2024,

Co obxecto de determinar os dous días de festas locais con carácter retribuído e non recuperable, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, así como na Lei 13/2006 e no Decreto 112/2023 do 29 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024,

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2024 as seguintes datas:*

VENRES 16 DE AGOSTO DE 2024 (Festividade de San Roque)

VENRES 30 DE AGOSTO DE 2024 (Festividade de Santa Rosa)

Segundo.- *Remitir certificación deste acordo ao Servizo de apoio ao emprego, emprendemento e economía social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña, para ter en conta no calendario laboral de 2024.”*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Non habendo intervencións, pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:
A FAVOR: 10 (5 PP, 3 BNG, 1 PSde G-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 7/2023 AO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2022 PARA O ANO 2023

Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO

APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 7/2023

Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 4.410,98 euros, facturas con rexistro de entrada do exercizo de 2023 correspondentes actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de reparo nº 13/2023 de data 24 de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 7/2023 cun importe total de 4.410,98 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2022 para o 2023, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a partida orzamentaria correspondente.”

D. Fernando del Moral pregunta respecto á factura de fogos de artificio de 2020, cómo é que está pendente de pago.

O Alcalde-Presidente explica que non presentaron a factura ata o ano pasado e de ahí que veña neste recoñecemento extraxudicial de crédito.

D. Francisco José Vidal traslada que non entende que sexa urxente habendo un pleno ordinario en setembro.

O Alcalde-Presidente xustifica que hai que aprobar os días festivos locais para o ano 2024 e remitilos antes do 1 de setembro, de ahí o pleno extraordinario e xa se aproveitou para introducir este asunto.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

D. Fernando del Moral dí que votarán en contra pois segundo o Ministerio de Facenda estase pagando as facturas fora do prazo legal e faría falta maior previsión por exemplo en materia de gastos de consumo de luz como se ve nas facturas que se aproban.

O Alcalde-Presidente contesta que estamos cun orzamento prorrogado e se descoñecen as cantidades coa suba do prezo da enerxía pero se ampliará o crédito orzamentario.

D. Xosé Manuel Pose recorda que cando eles estaban no goberno, lles votaban en contra asunto como este e que en todo caso, hai que pagar os servizos prestados e que se absterán neste asunto.

Non habendo mais intervencións, pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 PP

EN CONTRA: 1 UNIDAS PODEMOS

ABSTENCIÓNS: (3 BNG e 1 PSde G-PSOE)

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:37 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min secretario acumulado a presente acta que asina o sr. Alcalde, para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.